



MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.

CURSO 2021-2022 CEP SEQUELO

Conforme á Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, establecemos que acadará a promoción ao finalizar 2º, 4º ou 6º cursos da etapa de educación primaria o alumnado que cumpra a seguinte condición:

Superase todas as competencias clave cunha cualificación mínima de Suficiente, ou teña avaliación negativa nunha ou dúas competencias, sempre e cando esas dúas competencias non sexan a Competencia en Comunicación Lingüística e a Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía.

Ademais da situación anterior e, de xeito excepcional, poderase decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, se cumpre algún dos seguintes criterios:

- a) O equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a integración social do alumno ou alumna ao seguir co seu grupo de referencia.
- b) O equipo docente considere que a alumna ou alumno ten expectativas favorables de recuperación no vindeiro curso, das competencias non superadas neste, debido á mellora das súas circunstancias persoais (grao de madurez, situación familiar, traslados, incorporación tardía, etc.)
- c) Que o equipo docente considere as especiais circunstancias derivadas da condición de alumnado con necesidade específica de apoio educativo que non conte con ACS.

Criterio para obter mencións honoríficas

O artigo 14 do Decreto 105/2014 do currículo de primaria, e ao artigo 5, apartado 4, da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria, establecen como criterio para conceder unha mención honorífica que o alumno ou alumna supere todas as áreas da etapa e obteña unha cualificación de sobresaínte ao rematar educación primaria nunha área ou en varias que demostren un rendemento académico excelente. En consecuencia, establecemos como criterio para obter mención honorífica o seguinte:

A criterio do equipo docente o alumno ou alumna proposto demostra un rendemento académico excelente cando supera todas as áreas e obtén unha cualificación media de 10 ao longo de toda a etapa de primaria nunha determinada materia (demostrando así posuír un talento excepcional nun área concreta, por exemplo na música, educación física, plástica, matemáticas, etc.).

Igualmente o equipo docente propondrá para mención honorífica a aquel alumno ou alumna que supere todas as áreas demostrando un rendemento académico excelente ao obter unha cualificación media de 9 ou superior ao longo de toda a etapa de primaria en ao menos o 70% das materias.